

**ESTUDIO ECONÓMICO
PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS CONSISTENTES
NA ORGANIZACIÓN DA FESTA DOS MAIORES 2019
DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Elaborado por Pablo Rodríguez Rodríguez, Economista Colexiado C2767
8 de abril de 2019

Estudo Económico para a Contratación de Servizos consistentes na Organización da Festa dos Maiores 2019 do Concello de Santiago de Compostela

Autor: Pablo Rodríguez Rodríguez, Economista Colexiado C2767

Data: 8 de abril de 2019

- 1. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO**
- 2. FINALIDADE E XUSTIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO**
- 3. OBXECTO DO CONTRATO**
- 4. ANÁLISE ECONÓMICO**
- 5. PREZO UNITARIO E PRESUPOSTO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

1. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO

Como actuación previa á contratación de servizos para a ORGANIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA "FESTA DOS MAIORES 2019" redáctase o presente estudo económico de determinación de prezo ou presuposto máximo de licitación.

Neste documento desenvólvense os aspectos mais relevantes que configuran a contratación do servizo, expoñendo as súas características, realizando unha valoración e xustificando a cuantificación do servizo en cuestión.

Asemade, elabórase o presente estudo de acordo co disposto no artigo 115 da Lei de Contratos do Sector Público¹, no que se establece que os órganos de contratación poderán realizar estudos de mercado e dirixir consultas aos operadores económicos que estiveran activos no mesmo coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar aos citados operadores económicos acerca dos seus planes e dos requisitos que esixirán para concorrer ó procedemento. Para o que os órganos de contratación poderán valerse do asesoramento de terceiras persoas, que poderán ser expertos ou autoridades independentes, colexios profesionais, ou, con carácter excepcional, operadores económicos activos no mercado.

2. FINALIDADE E XUSTIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO

A actividade da que se pretende contratar a súa organización, Festa dos Maiores 2019, está tradicionalmente incluída na programación anual de festas do Concello de Santiago de Compostela sendo o seu desenvolvemento competencia do servizo de relacións públicas e

¹ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

protocolo da Área de Alcaldía; o seu obxecto non contén prestacións que deban ser satisfeitas con medios propios do Concello. A súa prestación non pode ser asumida cos recursos humanos e técnicos do que dispón a Área, sendo ademais desconvéniente ou imposible a súa reorganización. O contrato ha de garantir a incorporación das debidas medidas a fin de evitar incorrer en supostos de cesión ilegal de persoas traballadoras.

Porén, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei de Contratos do Sector Público, faise evidente a idoneidade do obxecto e contido do contrato proxectado para satisfacer as devanditas necesidades, resultando necesaria, por tanto, a tramitación do correspondente expediente de contratación.

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 17 e 25 da Lei de Contratos do Sector Público.

3. OBXECTO DO CONTRATO

- a. DENOMINACIÓN: FESTA DOS MAIORES 2019
- b. DATA CELEBRACIÓN: 1 DE XUÑO DE 2019
- c. LUGAR DE CELEBRACIÓN: instalacións do recinto Feiral de Amio de Santiago de Compostela
- d. SERVICIOS INCLUIDOS: Para a totalidade de asistentes (ata 1700 persoas):
 - Subministración , montaxe e instalación de cadeiras e as súas correspondentes mesas
 - Manteis e panos de mesa, menaxe, vasos e pratos de acordo co establecido no punto Evento Sostible, desenvolvido no punto (e)
 - Subministración de persoal de cocíña e sala, para preparar o xantar e servir as mesas
 - Instalación dunha cocíña para preparar e quentar os pratos in situ
 - O menú consistirá en:
 - Empanada de bonito
 - Empanada de bacallau
 - Polbo á feira
 - Carne ó caldeiro con patacas
 - Sobremesas: tarta de Santiago e tarta Larpeira
 - Servizo de pan e café
 - Bebidas: viños tinto e branco, cervexas, refrescos, auga e gaseosa
 - O control de asistencia efectuarase a través da venda de entradas, tarefa que correrá a cargo do Concello de Santiago
- e. O evento cumprirá cos requisitos establecidos polo Concello de Santiago para se calificar como Evento Sostible, o que supón a asunción por parte do provedor das seguintes condicións:

1. Prohibirase o uso de elementos de usar e tirar e de envoltorios individuais de plástico (coma os bolos de pan en plásticos individuais ou refrescos en formato individual)
2. Requiriranse ou valoraranse a adopción de medidas para minimizar o desperdicio alimentario, por exemplo na disposición dos alimentos aos comensais (medidas que definirá o provedor).
3. Empregaranse materiais de papel reciclado (como manteis ou panos de mesa de papel reciclado) ou serán substituídos por elementos reutilizados (por exemplo, manteis de tea ou tecidos reutilizables).
4. De seren utilizados, empregaranse adornos e outros elementos de apoio que sexan reutilizables
5. Requirirase que o persoal de atención ao evento deposite os residuos de forma selectiva nos colectores que dispoña o Concello.
6. Adicionalmente, valoraranse na contratación a presentación de certificados ou medidas ambientais.

4. ANÁLISE ECONÓMICO

4.1. BASES PARA A CUANTIFICACIÓN

A Lei de Contratos do Sector Público, para a determinación do prezo estimado do contrato establece nos seus artigos 101 e 102 que se terá en conta, como mínimo, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos que se deriven da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial. En xeral, o importe da prestación dun servizo ou realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida, tomando como tal o valor razoable de mercado, de tal xeito que os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe.

4.2. ÍNDICE CORRECTOR: ACTUALIZACIÓN DE PREZOS

Para a determinación do prezo hanse de ter en consideración a evolución dos prezos de mercado dos servizos de hostalería así como a evolución e a relación existente entre as persoas asistentes e os prezos de venda unitarios e de licitación dos exercicios precedentes, servíndonos para elo da seguinte información documental:


- O número de persoas asistentes e prezo de venda unitario nos exercicios precedentes
- A recadación obtida nos últimos exercicios pechados polo prezo establecido para a contratación nos correspondentes procedementos de adxudicación
- Orzamentos solicitados a diferentes axentes económicos de Santiago e da súa contorna
- IPC harmonizado, Instituto Nacional de Estatística

O prezo máximo único establecido nos pregos de condicións administrativas particulares dos exercicios precedentes foron por persoa asistente e sen IVE:




A determinación do prezo para o ano 2019 terá en consideración o incremento de prezos de consumo en Galicia segundo o establecido polo Instituto Nacional de Estatística, INE (indicador IPC con base 2016):

- ✓ O índice xeral en Galicia supuxo un incremento acumulado do 1% para o período xaneiro a decembro de 2018.



Fonte: Ine

- ✓ O índice de prezos de consumo relativo ao grupo 11.1 de Restauración (segundo a clasificación ECOICOP de bens e servizos do INE, no que se inclúen os servizos de catering) reflicte en Galicia para o exercicio xaneiro a decembro de 2018 un incremento acumulado do 2%.



Fonte: Ine

Deste xeito, hase de actualizar o prezo de 19,00€ aprobado para 2018 cun incremento dun 2% para, deste xeito, reflectir no mesmo o incremento dos prezos do sector da restauración en Galicia, de onde obtemos que:

O prezo actualizado é de 20,47 euros.

(a) PREZO ANO 2018: 20,07€
 (b) ÍNDICE CORRECTOR IPC 2018 RESTAURACIÓN: 2%
 (c) = (a)*(b) PREZO ACTUALIZADO 2019: 20,47€

Este valor é coincidente cos ofertados polos operadores económicos do ramo consultados, que ofertan propostas económicas de entre 20,50 ata 21,00 euros por comensal, ive excluído, sen ter en conta as adaptacións necesarias referidas no punto 4.4.

4.3. ÍNDICE CORRECTOR: ALIMENTOS

Os prezos de alimentos e bebidas non alcohólicas, por unha banda, e de bebidas alcohólicas, por outra, incrementáronse respectivamente un 1,4% e un 1,6% en Galicia no ano 2018; esta suba enténdese xa repercutida no incremento dos prezos do sector de restauración sinalado anteriormente. Non procede facer corrección algunha derivada do singular incremento dalgún dos compoñentes do menú establecido. Particularmente, o polbo (que si supuxo un factor de coreción en 2018) non experimentou un especial incremento de prezo nos últimos 12 meses xa que o maior número de capturas fixo que se estabilizara o prezo tras un longo periodo de subas continuadas; particular que se pon de manifesto nos prezos medios de polbo das principais lonxas galegas:



Evolución prezo do polbo, Lonxas de A Coruña, Camariñas e Ribeira.

Fonte Pescadealicia.com

4.4. ÍNDICE CORRECTOR: ADECUACIÓN Á SOSTIBILIDADE

Para dar cumprimento a cualificación do evento como evento sostible segundo o establecido no punto 3, o proveedor ten que asumir determinados cambios organizacionais que poden ter implicacións en termos de custo, que son analizados a continuación:

Utilización de manteis e panos de material reciclado:

Non existen diferenzas substanciais de prezo que xustifiquen a corrección á alza do prezo derivados do uso de panos dun só uso ou de material reciclado (para panos de *tissue* branco de 33x33 cm).

Non existen diferenzas substanciais de prezo que xustifiquen a corrección á alza do prezo derivados do uso de manteis dun só uso ou de material reciclado (para manteis de 55 gramos/metro cadrado en rolo).

Utilización de vaixela, cubertos e cristalaría de mais dun uso:

Xa veñen de ser utilizadas neste servizo por seren así requiridas nos pregos de cláusulas administrativas particulares de anos anteriores e foron por tanto presupostadas nas consultas realizadas aos axentes económicos.

Redución de envases de bebidas:

A redución de envases lixeiros de bebidas, particularmente de auga (xa que os refrescos son servidos en envases non individuais) implica a mobilización de material que permita o recheo dos mesmos como xarras de vidro ou, en todo caso, reutilizables; ademais supón a necesidade de dotar de mais persoal de servizo de sala ao evento. Deste xeito, prodúcese un sobrecusto para a empresa provedora, segundo o seguinte:

- A dotación de recipientes axeitados ás especificacións dadas supón un **incremento de 0,25€ por comensal**, tendo en conta:
 - que o custo medio dunha xarra básica de vidro, ou material reutilizable, con capacidade de 1,3 litros é de 4,05 euros
 - que segundo as táboas de amortización do Imposto de Sociedades o prazo máximo de amortización dos elementos de cristalería é de 4 anos
 - que se necesita unha xarra por cada catro comensais

- A dotación de persoal adicional requirida estímase en 5 persoas, o que supón un **incremento de 0,33€ por comensal**, tendo en conta:
 - que o convenio colectivo de hostalería para a provincia da Coruña establece nas táboas salariais publicadas no BOP da Coruña de data 2 de marzo de 2018 un salario por servizo de 84,02€ diarios
 - que o custo de seguridade social suporía para cada salario por servizo 26,55€
 - que se establece un rango de 1 persoa de servizo de sala por cada 30 comensais.

Separación selectiva de residuos

O Concello dotará de colectores suficientes que permitan a separación dos refugallos xerados, o que implica o non incremento dos custos do servizo, porén faise necesaria a correcta formación do persoal contratado nesta materia.

5. PREZO UNITARIO E PRESUPOSTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

5.1. CUANTIFICACIÓN DO PREZO FINAL CORRIXIDO

Trala observación do exposto, podemos concluir que o prezo razoable en termos unitarios para o exercicio 2019 sería:

	CONCEPTO	IMPORTE, €
(a)	Prezo unitario Ano 2018	20,07
(b)	Índice corrector: Actualización de prezos, 2% IPC Restauración, Galicia 2018	0,40
(c) = (a)+(b)	Prezo unitario actualizado	20,47
(d)	Índice corrector: Adecuación sostibilidade. Material	0,25
(e)	Adecuación sostibilidade. Persoal	0,33
(c)+(d)+(e)	Prezo unitario actualizado para o Ano 2019	21,05

5.2. PRESUPOSTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

	CONCEPTO	IMPORTE, €
UNITARIO	O prezo máximo unitario por persoa e xantar é de 21,05€	O IVE máximo para cada xantar ascende a 2,105€
PARA 1700 ASISTENTES	O presuposto máximo da licitación ascende a 35.785€ mais ive	O IVE máximo ascende a 3.578,10€ que representa un 10% de acordo co establecido na Lei 37/1992 de 28 de decembro do Imposto sobre o valor engadido

5.3. CUANTIFICACIÓN DO PREZO A PAGAR POLAS PERSOAS ASISTENTES

A asistencia á celebración Festa dos Maiores implica o pagamento por parte das persoas asistentes dun importe que nos exercicios anteriores viña a representar un 33% do prezo final total.

A cantidade de 35.785 euros mais ive que se destina a este gasto con cargo á aplicación orzamentaria 010 91201 22601 de protocolo, atencións protocolarias e representativas cubre a totalidade do custo, considerando que o criterio para a adxudicación do contrato será o económico, contratándose a oferta máis baixa. Cuberto o gasto coa oportuna reserva de crédito, o texto refundido Lei de Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) no seu artigo 44 permite a redución de prezo sempre que existan razóns sociais, benéficas ou de interese público que así o aconsellen. Este xantar é una celebración con motivo das festas da Ascensión destinada a persoas con poder adquisitivo reducido pola súa condición, na súa maioría, de pensionistas, polo que procede una redución do prezo conforme ó establecido anteriormente por razóns de interese público.

O prezo proposto para o exercicio 2019 é de sete con cincuenta euros (7,50€) por persoa e xantar que representa un 32,39% do prezo total da axudicación.

Santiago de Compostela a 8 de abril de 2019



Pablo Rodríguez Rodríguez
Economista Colexiado C2767

RODRIGUEZ
RODRIGUEZ PABLO
- 33313468S

Firmado digitalmente por
RODRIGUEZ RODRIGUEZ
PABLO - 33313468S
Fecha: 2019.04.15 13:28:04
+02'00'

